



la Diputación, en el plazo de un mes, como trámite previo al contencioso-administrativo, o bien, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses, sin que se puedan compaginar ambos recursos. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio.

En caso de administraciones públicas, se puede interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense. Además, al amparo de lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, podrá formularse requerimiento de anulación o revocación del acto, en el plazo de 2 meses y con carácter previo al ejercicio de acciones en vía contenciosa. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio, toda vez que el plazo para la interposición del recurso contencioso-administrativo, -en caso de que se formule el requerimiento previo-, se contará desde el día siguiente a aquel en el que se reciba la comunicación del acuerdo expreso sobre dicho requerimiento o se entienda presuntamente rechazado.

No obstante lo anterior, podrá interponerse cualquier otro recurso que se estime pertinente.

Ourense, 18 de noviembre de 2016. El presidente.

R. 3.712

## IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

### O Carballiño

Subvencións para a promoción de actividades deportivas do Concello do Carballiño para a tempada 2015/2016 (exercicio 2016).

Extracto da Resolución do 13 de outubro de 2016 da Alcaldía, pola que se convocan subvencións para a promoción de actividades deportivas do Concello do Carballiño para a tempada 2015/2016 (exercicio 2016).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) con ID 321674

#### 1º - Obxecto e beneficiarios

Esta convocatoria ten por obxecto fixar os criterios e procedemento para conceder subvencións a deportistas de alto nivel, entidades deportivas, clubs ou asociacións lecer -deportivas, sen ánimo de lucro, inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións Deportivas da Provincia de Ourense, que realicen actividades deportivas no concello do Carballiño e en función das disponibilidades orzamentarias deste concello.

#### 2º - Crédito

O importe total consignado no orzamento municipal que se destine a esta finalidade ascende a 12000 € (doce mil euros), que se reparten por categorías.

#### 3º - Solicitudes

##### 3.1 Prazo de entrega de solicitudes.

10 Días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### 8º - Libramiento de fondos

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptados os fondos, quedarán obrigados a destinar estes á finalidade para a que lles foron concedidos.

Os beneficiarios da subvención presentarán, no Rexistro Xeral do concello, a documentación correspondente, xustificación orixinal ou copias compulsadas antes do 10 de decembro de 2016.

Subvenciones para la promoción de actividades deportivas del Ayuntamiento de O Carballiño para la temporada 2015/2016 (ejercicio 2016).

Extracto de la Resolución de 13 de octubre de 2016 de la Alcaldía, por la que se convocan subvenciones para la promoción de actividades deportivas del Ayuntamiento de O Carballiño para la temporada 2015/2016 (ejercicio 2016).

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) con ID 321674.

#### 1º - Objeto y beneficiarios

Esta convocatoria tiene por objeto fijar los criterios y procedimiento para conceder subvenciones a deportistas de alto nivel, entidades deportivas, clubs o asociaciones ocio - deportivas, sin ánimo de lucro, inscritas en el Registro General de Asociaciones Deportivas de la Provincia de Ourense, que realicen actividades deportivas en el Ayuntamiento de O Carballiño y en función de las disponibilidades presupuestarias de este ayuntamiento.

#### 2º - Crédito

El importe total consignado en el presupuesto municipal que se destine a esta finalidad asciende a 12000 € (doce mil euros), que se reparten por categorías.

#### 3º - Solicitudes

##### 3.1 Plazo de entrega de solicitudes.

10 Días naturales, contados a partir del día siguiente al de la publicación de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

#### 8º - Libramiento de fondos

Los beneficiarios de las subvenciones, una vez aceptados los fondos, quedarán obligados a destinar estos a la finalidad para la que les fueron concedidos.

Los beneficiarios de la subvención presentarán, en el Registro General del ayuntamiento, la documentación correspondiente, justificación original o copias compulsadas antes del 10 de diciembre de 2016.

R. 3.522

## Chandrexa de Queixa

### Anuncio

Convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal para a substitución da titular para cubrir o período vacacional para o seguinte posto de traballo:

- Un limpador/a das dependencias municipais no Concello de Chandrexa de Queixa.

O Concello de Chandrexa de Queixa abre o prazo de presentación das instancias para a participación no proceso de selección por concurso de méritos que será de cinco (5) días hábiles a computar a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio



no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados poderán consultar as bases de selección nas Oficinas municipais en horario de 9.00 a 14.30 e na páxina web do concello: [www.chandrexadequeixa.es/index.php/gl/](http://www.chandrexadequeixa.es/index.php/gl/) (apartado Portal de Transparencia).

Chandrexa de Queixa, 17 de novembro de 2016. O alcalde.  
Asdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez.

## Anuncio

*Convocatoria para la contratación de personal laboral temporal para la sustitución de la titular para cubrir el periodo vacacional para el siguiente puesto de trabajo:*

*- Un limpiador/a de las dependencias municipales en el Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa.*

*El Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa abre el plazo de presentación de instancias para la participación en el proceso de selección por concurso de méritos que será de cinco (5) días hábiles a contar a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Los interesados podrán consultar las bases de selección en la Oficinas municipales en horario de 9:00 a 14:30 y en la página web del ayuntamiento: [www.chandrexadequeixa.es/index.php/gl/](http://www.chandrexadequeixa.es/index.php/gl/) (apartado Portal de la Transparencia).*

*Chandrexa de Queixa, 17 de noviembre de 2016. El alcalde.  
Fdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez.*

**R. 3.690**

## Ourense

Ordenanza reguladora do servizo de taxi na cidade de Ourense  
Exposición de motivos

No Diario Oficial de Galicia n.º 113, do 14 de xuño, publicouse a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

O seu obxecto é regular o transporte público urbano e interurbano de persoas en vehículos de turismo, por medio de taxi ou en réxime de arrendamento con condutor, que se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta regulación materialízase ao abeiro da competencia autonómica exclusiva sobre o transporte de viaxeiros por estrada cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da comunidade autónoma. Esta competencia debe desenvolverse tendo sempre en conta as competencias dos concellos en materia de xestión e ordenación dos servizos urbanos e tamén as funcións e as competencias de titularidade estatal en materia de transporte terrestre, co fin de acadar un marco de relación interadministrativa axustado ao bloque constitucional e que deberá estar presidido polo principio de lealdade institucional.

A disposición derradeira terceira da citada lei obrígalles aos concellos a adaptar as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto nesta lei no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Para cumprir con esa obriga redáctase a presente ordenanza.

Título I.- Obxecto e intervención municipal

Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Ourense.

Considéranse servizos de taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e que se realiza por conta allea mediante retribución económica

suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

O transporte de persoas en vehículos de turismo axustarase aos seguintes principios:

a) A intervención administrativa baseada na garantía do interese xeral para obter o nivel óptimo de calidade na prestación do servizo.

b) Equilibrio económico na actividade e suficiencia no servizo que se concreta na limitación de licenzas e tarifas obrigatorias.

c) A universalidade, accesibilidade e continuidade na prestación dos servizos de taxi e o respecto aos dereitos dos usuarios.

No non previsto na presente ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas da Lei 4/2013, do 30 de maio, e supletoriamente seguirase o Regulamento nacional dos servizos urbanos de transportes en automóviles lixeiros, aprobado por Real decreto 763/1979, do 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real decreto 1080/1989, do 1 setembro (a Lei 2332/1989), e Real decreto 236/1983, do 9 de febreiro.

Artigo 2. Competencia municipal

O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

- Sometemento a licenza municipal previa.
- Fiscalización da prestación do servizo.
- Informe sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo.
- Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

Artigo 3. Disposicións complementarias

As disposicións complementarias que poderá ditar o Concello referiranse, entre outras, ás seguintes materias:

- Publicidade.
- Quendas de vacacións e de descansos.
- Quendas diarias de permanencia no servizo.
- Identificación e características dos taxis.
- Determinación e modificación de paradas e a súa regulación.
- Servizos por chamadas telefónicas ou radio-telefoneo
- Zonificación da cidade para mellorar a prestación do servizo así como coordinalo co servizo público de taxi e co transporte urbano público de viaxeiros.

Artigo 4. Órganos competentes

As competencias municipais correspóndenlles aos seguintes órganos:

a) Pleno

- A aprobación inicial e definitiva da ordenanza, así como a aprobación das modificacións desta, sempre que supoña un cambio substancial no exercicio do servizo de taxi.

- A aprobación dos expedientes de ampliación de licenzas .

b) Xunta de Goberno Local

- A aprobación do proxecto de ordenanza e a emisión de informes de toda modificación desta previos á súa presentación ao Pleno.

- A concesión das licenzas municipais que, se é o caso, queden vacantes ou se amplíen.

- A aprobación das disposicións complementarias da prestación do servizo.

- O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que leven consigo a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

- A aprobación das tarifas para a súa remisión á Comisión de Prezos de Galicia.

c) Alcalde

- O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores e a imposición de sancións non previstos no punto anterior.